

INFORME

Durante o período desde o 27 de outubro ata o 16 de novembro de 2020, o Departamento de Urbanismo do Concello de Teo recibiu diversas alegacións, suxestións e reclamacións sobre o proxecto Camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo. Programa operativo FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014/2020. Proxecto IDAE: FEDER-EELL-2019-000852. O-1/2020, tanto por rexistro de entrada, vía correo electrónico ou en consulta presencial.

Todas foron remitidas aos Servizos técnicos do Concello para a súa valoración.

Alguns cambios e melloras concretas sinaladas pola veciñanza xa foron recollidas no Proxecto aprobado pola Alcaldía en 25 de novembro de 2020, pero hai certas cuestións de tipo xeral que me gustaría sinalar.

En canto ás cuestións de oportunidade que están na orixe deste proxecto, reiteramos o compromiso deste Goberno municipal coa seguridade viaria, tendo en conta a existencia xa coñecida de múltiples problemas de seguridade peonil e escolar no trazado afectado polo novo proxecto.

Presentáronse diversas solicitudes de cambio de sentido das direccións únicas. Os sentidos recollidos no proxecto son os definidos no Estudo de Mobilidade elaborado por un enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Óscar Sanmartín Abad, en data maio de 2017, e incluído como apéndice no propio Proxecto, coa xustificación dos sentidos de tráfico escollidos.

Como xa sinalamos en diversas ocasións, ditos sentidos poden ser revisados en calquera momento, ao só implicar cambios menores no pintado e nunca unha modificación do proxecto.

Unha vez realizada a obra, e pasado un tempo prudencial, como máximo un ano, esta Concellería comprométese a avaliar cun novo estudo de tráfico o funcionamento dos novos sentidos únicos e a súa incidencia na seguridade viaria, para proceder aos axustes necesarios.

En canto á existencia de trazados alternativos, a proposta principal implicaba a conexión da Rúa Cardide ata o CEIP de Calo, conexión que discorre en gran parte por zona privada. Este proxecto non ten incluídas partidas para a expropiación, nin se prevé a ocupación de ningunha zona privada, polo que este trazado é inviable tecnicamente dadas as circunstancias do proxecto.

O trazado discorre por viarios integramente de titularidade municipal, e cumpre con toda a normativa aplicable, en canto á accesibilidade e calquera outra cuestión de aplicación neste tipo de proxectos e a súa licitación, conforme aos informes técnicos e xurídicos que se atopan a disposición da veciñanza.

O período de información pública do proxecto Camiños escolares seguros no contorno da Igrexa-Calo. Programa operativo FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014/2020. Proxecto IDAE: FEDER-EELL-2019-000852. O-1/2020, non se da por finalizado, e a Concelleira de Urbanismo segue aberta a calquera valoración, reclamación e suxestión sobre este proxecto.

En Teo, a 7 de xaneiro de 2021

A concelleira delegada de Urbanismo



Uxía Lemus de la Iglesia

CONCELLO DE TEO